

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

**16347** Orde TED/1086/2021, do 29 de setembro, pola que se establece a composición, organización e funcionamento da Asemblea Cidadá para o Clima.

O Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de ambiente, feito en Aarhus (Dinamarca), o 25 de xuño de 1998, convida a unha «maior participación do público na toma de decisións», público conformado polas persoas físicas, xunto coas «asociacións, organizacións ou grupos constituídos por esas persoas». No mesmo sentido do Convenio inspíranse a Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, sobre o acceso do público á información ambiental e pola que se derroga a Directiva 90/313/CEE do Consello, e a Lei 27/2006 do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

Esta Lei 27/2006, do 18 de xullo, recoñece no seu artigo 3 o dereito de todos a participar de maneira efectiva e real na elaboración, modificación e revisión daqueles plans, programas e disposicións de carácter xeral relacionados co ambiente incluídos no seu ámbito de aplicación, e dedica o seu título III á regulación do dereito de participación pública en asuntos de carácter ambiental. Máis concretamente, o seu artigo 16 obriga as administracións públicas a velar pola garantía deste dereito e a determinar os membros do público que poderán exercer a citada participación. Non obstante, indica que a regulación efectuada non substituirá en ningún caso calquera outra disposición que amplíe os dereitos recoñecidos na lei.

A loita contra o cambio climático constitúe un formidable reto técnico, científico e político, pero tamén constitúe un enorme reto social, cuxo logro non será posible sen a participación do conxunto da sociedade e sen o seu apoio amplo a unhas políticas públicas ambiciosas de cambio climático.

É indispensable, por unha banda, un esforzo continuado e un enfoque transversal orientado a identificar estratexias, políticas e instrumentos que permitan desenvolver medidas efectivas de actuación contra o cambio climático. A colaboración dos diversos actores sociais, administracións, empresas, organizacións sociais e cidadáns é indispensable para avanzar na busca de solucións, tanto desde o punto de vista da mitigación como desde o ámbito da adaptación ás causas e efectos do cambio climático.

Neste sentido, o traballo dos órganos colexiados xa existentes que, no ámbito nacional, desempeñan diferentes funcións na loita contra o cambio climático é fundamental, entre eles o Consello Nacional do Clima ou a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.

A Declaración ante a Emerxencia Climática e Ambiental en España, aprobada polo Acordo do Consello de Ministros o 21 de xaneiro de 2020, dá resposta ao consenso xeneralizado da comunidade científica, que reclama acción urxente para salvagardar o ambiente, a saúde e a seguridade da cidadanía.

Mediante este acordo, o Goberno comprometeuse a desenvolver trinta liñas de acción para facer fronte á crise climática e ambiental e aproveitar os beneficios sociais e económicos que ofrece a transición ecolóxica.

Entre os compromisos establecidos inclúese o de reforzar os mecanismos de participación xa existentes e garantir de forma estruturada a participación cidadá no proceso de toma de decisións cunha asemblea cidadá para o clima, cuxa composición

terá en conta o principio de representación equilibrada entre mulleres e homes e incluírá a participación de persoas mozas.

Este compromiso conságrase na Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, cuxo artigo 39.1 prevé que os plans, programas, estratexias, instrumentos e disposicións de carácter xeral que se adopten na loita contra o cambio climático e a transición enerxética cara a unha economía baixa en carbono se levarán a cabo baixo fórmulas abertas e canais accesibles que garantan a participación dos axentes sociais e económicos interesados e do público, en xeral, mediante os canais de comunicación, información e difusión, nos termos previstos pola Lei 27/2006, do 18 de xullo.

Pola súa banda, o Regulamento (UE) 2021/1119 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 xuño de 2021, polo que se establece o marco para lograr a neutralidade climática e se modifican os regulamentos (CE) 401/2009 e (UE) 2018/1999 («Lei europea do clima»), recolle o obxectivo de neutralidade climática e unha aspiración para que a Unión se esforce por lograr emisións negativas despois de 2050, e establece un obxectivo climático vinculante para a Unión dunha redución das emisións netas de gases de efecto invernadoiro en polo menos un 55 % para 2030 en comparación con 1990. Neste contexto, destaca o reto social que implica o alcanzar a neutralidade climática e sinala que, dado que a cidadanía e as comunidades teñen un importante papel que desempeñar para impulsar a transformación cara á neutralidade climática, se debe fomentar e facilitar un forte compromiso público en materia de acción climática a todos os niveis, incluído o nacional, rexional e local, a través dun proceso inclusivo e accesible.

Nesta mesma liña tamén a Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, do 9 de decembro de 2020, do Pacto Europeo polo Clima [COM (2020) 788 final], recoñece que só se poderán alcanzar os obxectivos do Pacto Verde Europeo cunha sociedade informada e cun cambio de comportamentos e hábitos na vida diaria das persoas. Declara neste sentido que os procesos como os diálogos e asembleas cidadás demostran que a participación directa da cidadanía en debates importantes e complexos crea copropiedade, desbloquea a innovación tecnolóxica e social e optimiza a toma de decisións.

España conta agora cun Marco estratéxico de enerxía e clima que fará do noso país un país máis resiliente e climaticamente neutro antes do ano 2050. En concreto, a citada Lei 7/2021, do 20 de maio, o segundo Plan nacional de adaptación ao cambio climático 2021-2030, o Plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030 e a Estratexia a longo prazo para unha economía moderna, competitiva e climaticamente neutra en 2050 establecen, en conxunto, a folla de ruta e as ferramentas institucionais para facilitar unha transformación da economía e da sociedade española en que o país gañará en prosperidade, seguridade enerxética, xeración de emprego, innovación, saúde, desenvolvemento tecnolóxico e xustiza social, acompañando os colectivos máis vulnerables.

Neste contexto de transición ecolóxica e de grandes desafíos económicos e sociais, o artigo 39.1 da Lei 7/2021, do 20 de maio, prevé expresamente que o Goberno reforzará os mecanismos de participación xa existentes e garantirá de forma estruturada a participación cidadá no proceso de toma de decisións en materia de cambio climático a través do establecemento dunha asemblea cidadá do cambio climático a nivel nacional e recomendará que se establezan asembleas autonómicas e asembleas municipais.

Deste xeito, a Asemblea Cidadá para o Clima a nivel nacional ofrece á cidadanía a posibilidade de intervir no debate sobre cales deben ser os camiños que percorrer e as accións que poñer en marcha para frear o cambio climático e evitar e minimizar os seus riscos tendo en conta a solidariedade e a xustiza social.

A Asemblea, de carácter deliberativo, configúrase como un foro de participación cidadá, un exercicio democrático sen precedentes en España, para xerar reflexión, coñecemento colectivo e coñecer as valoracións e as propostas da cidadanía. Para o seu lanzamento analizáronse outras experiencias deliberativas xurdidas en países

veciños e as recomendacións ao redor de boas prácticas para procesos deliberativos elaboradas pola OCDE.

Deberá acordar unhas recomendacións que servirán para o debate en todos os niveis da Administración pública e dos actores da economía e da sociedade e que se mandarán ao Goberno e ao Congreso dos Deputados, polas vías establecidas legalmente, para asegurar o coñecemento das propostas e as preferencias da cidadanía sobre como alcanzar a neutralidade climática e mellorar a nosa capacidade de adaptación.

O artigo 3 desta orde regula o primeiro mandato da Asemblea, ao encomendar á persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a posibilidade do establecemento de novos mandatos.

As condicións sanitarias ocasionadas pola COVID-19 sitúannos aínda nun contexto de incerteza con respecto á viabilidade de realizar, de maneira segura, a Asemblea Cidadá con carácter presencial nun futuro próximo, polo que se propón celebrala en formato mormente virtual. Outros países da nosa contorna apostaron por este formato de maneira exitosa, poñendo en valor as vantaxes que presenta non só en termos de saúde pública senón tamén en termos de inclusión e de menor pegada ambiental.

A Lei 7/2021, do 20 de maio, recomenda tamén que se establezan asembleas autonómicas e asembleas municipais. No caso da súa posta en marcha poderase fomentar e compartir a aprendizaxe conxunta ao redor destes procesos deliberativos.

Con esta orde cúmprese o establecido no artigo 39.1 da Lei 7/2021, do 20 de maio, ao establecer a composición, organización e funcionamento de Asemblea Cidadá para o Clima e permitir así a realización dos traballos necesarios para a súa posta en marcha.

A orde adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, en particular, aos principios de necesidade e eficacia, que se xustifican na necesidade de dar vía á previsión do artigo 39.1 da Lei 7/2021, do 20 de maio.

A orde é acorde tamén co principio de proporcionalidade, pois contén a composición, organización e funcionamento da Asemblea Cidadá para o Clima que prevé o citado artigo 39.1.

De acordo co principio de seguridade xurídica, a orde é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e internacional. A orde ministerial é o instrumento normativo expresamente previsto para cumprir esta finalidade, de acordo co precepto mencionado da Lei 7/2021, do 20 de maio.

De acordo co principio de transparencia, na elaboración da norma seguíronse todos os procesos de participación e audiencia que establece a normativa vixente. Deste xeito, someteuse ao trámite de participación pública regulado no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

En aplicación do principio de eficiencia, a norma non contén ningunha carga administrativa e non suporá o incremento dos recursos humanos e económicos dispoñibles pola Administración xeral do Estado.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

#### Artigo 1. *A Asemblea Cidadá para o Clima.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer a composición, organización e funcionamento da Asemblea Cidadá para o Clima a nivel nacional, conforme o previsto no artigo 39.1 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.

2. A finalidade que se persegue é a de reforzar os mecanismos de participación cidadá xa existentes, previstos no Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de ambiente, feito en Aarhus (Dinamarca), o 25 de xuño de 1998, e na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

3. A Asemblea Cidadá para o Clima establécese como un foro de participación cidadá, que contará co apoio técnico e administrativo da Administración xeral do Estado a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Configúrase como un exercicio participativo deliberativo para xerar reflexión, coñecemento colectivo, coñecer as valoracións, recompilar e dar traslado ás autoridades competentes das propostas da cidadanía. Desta maneira, a través da Asemblea establecerase un debate social e responsable para informarse, debater, deliberar e xerar consensos sobre cales deben ser as solucións ás grandes transformacións que é necesario acometer para alcanzar a neutralidade climática antes do ano 2050 e para facer un país máis resiliente aos impactos do cambio climático.

4. O seu funcionamento rexeráse polos principios de representatividade, imparcialidade, independencia, transparencia e acceso á información ambiental sobre cambio climático con carácter previo á participación e pluralidade da información.

#### Artigo 2. *Composición.*

1. A Asemblea estará formada por cen persoas que representen a diversidade da sociedade española. A súa composición terá en conta o principio de representación equilibrada entre mulleres e homes e incluírá a participación de persoas mozas.

2. A selección desas persoas farase a través dun equipo técnico independente, regulado no artigo 4, aplicando unha metodoloxía que asegure a aleatoriedade, que permita preservar a calidade e representatividade da mostra, e baseada en criterios como a idade, xénero, nivel educativo, procedencia xeográfica e residencia en área urbana ou rural, entre outros.

3. Os membros da Asemblea, cuxa participación terá carácter voluntario, serán independentes e inamovibles. Non poderán, en ningún caso, ser membros da Asemblea:

a) Os membros do Congreso dos Deputados, Senado, Parlamento Europeo ou calquera das asembleas lexislativas das comunidades autónomas, asistentes parlamentarios acreditados e asistentes locais do Parlamento Europeo, así como o persoal de calquera destas cámaras, incluído o de natureza eventual.

b) Os alcaldes, concelleiros e membros das xuntas de goberno dos municipios. Respecto dos municipios en réxime de concello aberto, unicamente non poderán ser membros os alcaldes.

c) As persoas titulares da presidencia, as vicepresidencias, os membros das xuntas de goberno e dos plenos das deputacións provinciais, cabidos, consellos insulares ou entidades equivalentes.

d) Os empregados de calquera partido político ou das súas fundacións.

e) Os membros do Goberno da Nación ou dos gobernos das comunidades autónomas, así como os altos cargos das súas respectivas administracións públicas.

4. As persoas seleccionadas para participaren na Asemblea deberán presentar unha declaración responsable en que expoñan que non incorren en ningunha destas causas.

5. Unha vez aceptada a participación polos membros da Asemblea, a súa renuncia deberá ser motivada. Establecerase unha reserva de persoas para o caso de que algún membro da Asemblea renuncie á súa participación.

#### Artigo 3. *Mandato.*

A Asemblea Cidadá para o Clima terá como primeiro mandato:

1. Abordar e debater ao redor da pregunta: «Unha España máis segura e xusta ante o cambio climático, Como o facemos?» Cuestións chave relacionadas coas solucións que se encontran ao noso alcance para que poidamos construír un país máis seguro con menos emisións de gases de efecto invernadoiro, menos vulnerable fronte

aos riscos e aos impactos do cambio climático e que requiren considerar a solidariedade, a equidade, a xustiza social e a transición ecolóxica xusta.

2. A pregunta que se vaia debater acoutarase en temáticas máis concretas que serán propostas polo grupo de expertos independentes referido no artigo 4.1.b) coa axuda cidadá, en prol de identificar aqueles temas relacionados coa neutralidade climática e a mellora da resiliencia que máis relevantes resulten para a cidadanía.

3. Como resultado dos seus debates a Asemblea elaborará un informe de recomendacións. O dito informe será público, remitirase ao Goberno e presentarase ao Pleno do Congreso dos Deputados a través das vías establecidas no ordenamento xurídico, todo iso co fin de facilitar o debate e a toma de decisións en materia de política de cambio climático.

#### Artigo 4. *Gobernanza.*

1. A Asemblea contará cunha gobernanza independente e transparente composta por persoas físicas ou xurídicas designadas en función da súa recoñecida experiencia ou prestixio en materias relacionadas co cambio climático atendendo ás necesidades de cada mandato, que actuará a través de:

a) Un panel de coordinación independente que facilite os traballos técnicos de preparación, posta en marcha e apoio loxístico da Asemblea. Será de carácter privado e multidisciplinar.

b) Un grupo de expertos independentes de carácter consultivo, cuxa función será dar apoio á Asemblea en cuestións como a formulación dos temas que se vaian tratar, a formación da axenda e a proposta de persoas que poidan achegar información precisa, equilibrada e completa á Asemblea, co fin de xerar un debate amplo e informado que sexa accesible á cidadanía.

Este grupo de expertos independente estará formado por un máximo de 20 persoas con recoñecido prestixio no ámbito do clima, a enerxía, a biodiversidade e o ambiente e no ámbito da transformación social, entre outros, propostas sobre a base das recomendacións da Comisión Nacional do Clima, o Consello Asesor de Medio Ambiente e as comisións de transición ecolóxica do Congreso e do Senado.

Funcionará de maneira independente e deberá nomear dous coordinadores, que poderán ser rotatorios. O mandato e os nomes dos membros do grupo de expertos publicaranse na páxina web da Asemblea.

c) Poderase contar cun máximo de dúas persoas físicas, privadas e independentes, que exercerán como portavoces e comunicadores dos traballos da Asemblea. Estas persoas serán designadas polo grupo de expertos regulado na alínea b).

d) Un equipo técnico independente de carácter privado para a selección das persoas participantes e outro, igualmente independente, especializado en procesos deliberativos, para deseñar e dinamizar as sesións da Asemblea. A Fundación Biodiversidad, F.S.P. realizará as actuacións administrativas necesarias para a súa selección de acordo coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

2. O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través da Oficina Española de Cambio Climático, prestará o apoio técnico e administrativo.

#### Artigo 5. *Método dos traballos da Asemblea.*

1. A Asemblea reunirse durante cinco sesións que terán lugar preferiblemente os sábados e domingos.

2. Co fin de facilitar os traballos do mandato da Asemblea, as sesións organizaranse en tres fases:

- a) Aprendizaxe e coñecemento proporcionando aos membros da Asemblea, información equilibrada, clara e completa;
- b) Discusión e debate da temática en cuestión e
- c) Preparación e votación dun informe de recomendacións.

3. Os membros da Asemblea poderán convocar unha reunión adicional se así o acordan, co fin de terminar os traballos asociados ao seu mandato.

4. A Asemblea rexerese polas normas de funcionamento que acorde por maioría de votos.

5. O prazo para a terminación dos traballos derivados do mandato regulado no artigo 3 será de doce meses a partir da primeira sesión da Asemblea.

6. A información relativa á Asemblea será accesible ao público e publicarase nunha páxina web propia onde se actualizará toda a información pertinente ás súas sesións, avances e resultados.

Disposición adicional primeira. *Establecemento de novos mandatos.*

1. Poderanse establecer novos mandatos da Asemblea Cidadá para o Clima por orde ministerial da persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

2. As persoas que compoñen a Asemblea e os seus órganos de gobernanza serán renovados para cada mandato conforme o previsto nos artigos 2 e 4.

Disposición adicional segunda. *Non incremento do gasto público.*

O funcionamento da Asemblea non suporá incremento de gasto público. En ningún caso poderá supor aumento neto dos gastos de persoal ao servizo da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de setembro de 2021.–Vicepresidenta terceira do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Teresa Ribera Rodríguez.